



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE MARZO DE 2018

**1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para reforma e rehabilitación do inmovible situado na rúa Nova nº 44. LAP/178/2017. Apróbase a proposta.**

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción de edificación auxiliar con uso complementario á edificación principal sita na rúa das Hortas nº 28. LIC/1189/2017. Apróbase a proposta.**

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade, remitir copia da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e conceder licenza para a instalación dun ascensor na rúa Alfredo Brañas nº 19. LIC/818/2017. Apróbase a proposta.**

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ampliación do prazo de execución de diversas actuacións dos programas de fomento do parque público de vivenda en alugueiro, e da rexeneración e renovación urbanas do Plan Estatal 2013-2016. Apróbase a proposta.**

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao inicio dun expediente por incumprimento de contrato para execución das obras de mellora de seguridade viario na rúa Cañoteira (Plan DTC 93 adicional 1/2014, 2ª Fase). Acórdase o inicio do expediente, dando audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan polo atraso acumulado na execución dos traballos.**

**6.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa ao inicio de trámites para proceder á recepción das obras de ampliación viario Cañoteira-Outeiro de Marrozos 1ª fase (PAS-OBRASSUM/2015). Apróbase a proposta.**

**7.- IIVTNU (Plusvalía): Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.**

**8.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde da resolución pola Xunta de Galicia do procedemento de regularización anual derivado das incidencias de exercicios anteriores ao ano 2016, detectadas na prestación de horas de axudas no fogar a persoas en situación de dependencia. Dase conta.**

**9.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde da resolución de asignación de transferencias finalistas correntes para o financiamento dos servizos sociais comunitarios do concello de Santiago, ano 2017. Dase conta.**

**10.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do aboamento pola fundación "La Caixa", en concepto do programa de apoio social e**

**intervención en colectivos vulnerables, e adecuación de 4 vivendas sociais de saída para persoas sen fogar.** Dase conta.

**11.- Dar conta polo concelleiro delegado de Educación e Cidadanía do Plan concertado de Servizos Sociais: Proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais: Escolas infantís municipais 2017.** Dase conta.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á solicitude dunha subvención para o Plan Concertado de Servizos Sociais Comunitarios Específicos-Escolas Infantís Municipais, para o ano 2018.** Apróbase a solicitude de financiamento á Consellería de Política Social para as Escolas Infantís Municipais. A solicitude é do 50% do custo total, 344.514,94 euros. O 50% restante sería achega municipal.

**2.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade, Saúde e Centros Cívicos relativa á solicitude de financiamento para o funcionamento dos Servizos Sociais Comunitarios no ano 2018.** Acórdase solicitar á Consellería de Traballo e Benestar o financiamento para os Servizos Sociais Comunitarios Básicos por unha contía de 1.379.428,88 euros, sobre un orzamento total de 2.771.775,64 euros. A achega municipal sería de 1.392.346,76 euros.

**3.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á posta en marcha do contrato de autorización de ocupación da vía pública na Alameda de Santiago para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo nos anos 2018 e 2019.** Iníciase o procedemento de licitación

**4.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á suspensión e recepción parcial das obras de Rapa da Folla.** Acórdase suspender as obras de reurbanización da rúa Rapa da Folla mentres se manteñan as condicións meteorolóxicas adversas que imposibilitan a súa correcta execución, e a recepción parcial do xa executado (a totalidade excepto a calzada) para facilitar a súa posta en uso público. Acórdase tamén iniciar os trámites para proceder á recepción da totalidade das obras.

**5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á liquidación dos efectos do contrato de xestión dos servizos de ordenación de aparcamento na vía pública e retirada e depósito de vehículos.** Acórdase iniciar o procedemento de liquidación dos efectos do contrato de concesión para a xestión dos servizos de ordenación, regulación e aparcamento de vehículos na vía pública e a retirada, traslado e depósito de vehículos de Santiago, adxudicado a Setex e declarado nulo, con base nas seguintes determinacións.

1.-Setex enténdese compensada polos servizos prestados por medio dos ingresos que percibiu das persoas usuarias en cualidade de taxas da ordenanza da ORA e da retirada e depósito de vehículos.

2.-O Concello devolveralle a Setex a cantidade de 336.945 euros en execución da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Santiago con data 19 de maio de 2016, cos xuros de demora correspondentes.

3.-Setex aboaralle ao Concello, en concepto de indemnización de danos e perdas, a cantidade de 630.679,93 euros (594.951,77 euros derivados do que lle correspondería por canon fixo e 35.728,16 euros derivados de "outros conceptos"). A antedida cantidade será minorada por compensación a favor de Setex dos 121.957,11 euros que a empresa lle aboou ao Concello en concepto de canon fixo no período de decembro de 2014 a febreiro de 2016.

4.-Os bens, equipos e servizos e instalacións adscritos a ditos servizos reverten á corporación

5.-Todo iso sen prexuízo da repercusión posterior a Setex, se fose o caso, da indemnización substitutoria que a favor de Doal lle poidan impoñer ao Concello os tribunais de xustiza.

Acórdase tamén darlle audiencia no expediente a Setex Aparqui para que no prazo de dez días poida alegar o que xulgue conveniente, así como decidir a continuación dos efectos do contrato convido coa sociedade, declarado nulo, ata que se resolva o expediente de liquidación a efectos do contrato.

**6.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao inicio dos trámites para proceder á recepción das obras de aplicación de medidas correctoras para o estadio municipal de San Lázaro segundo o estudo integral de patoloxías. Fase I e II. Apróbase a proposta.**

**7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á adxudicación do contrato de Subministro e implantación dunha solución de administración electrónica para o Concello de Santiago, así como o seu mantemento.** Acórdase a adxudicación do contrato a favor da empresa T-SYSTEMS ITC IBERIA SAU, que oferta un importe de 882.291,95 euros, IVE incluído, para o subministro; e un importe de 160.598,04 euros/ano, IVE incluído, para o mantemento. Así mesmo, a empresa compromete como mellora do contrato a asistencia dun consultor especializado para a posta en explotación, a monitorización da atención á cidadanía, un módulo de táboas de datos vinculadas a expedientes, formación para o persoal do Concello para a utilización do xestor de bases de datos documental, e a posibilidade de utilizar a solución ofertada na modalidade de servizo na nube.

**8.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de urbanización da unidade de actuación nº 11 do PERI Fontiñas. Cotaredo-San Lázaro.** Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 150.796,60 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de seis meses.